

UNIBAN é a primeira rede de inversores privados impulsada por unha universidade pública en España.

UNIBAN adícase a dinamizar a economía na contorna universitaria transferindo tecnoloxía e coñecemento a través da creación e o desenvolvemento de empresas innovadoras, xeradoras de emprego de calidade, que aportan solucións novedosas ás necesidades da sociedade.

UNIBAN facilita o encontro de empresas innovadoras e de base tecnolóxica no ámbito universitario e investidores dispostos a investir tempo, diñeiro e sobre todo a súa experiencia profesional e persoal.

Os **Obxectivos** de UNIBAN céntranse en salvar o gap financeiro a través da participación de Business Angels, e difundir o concepto de Business Angel tanto entre emprendedores como entre potenciais investidores. Os Business Angels son persoas (físicas ou xurídicas) que invisten capital e achegan o seu saber facer e experiencia a empresas con alto potencial de crecemento de xeito que:

- Incrementan a probabilidade de supervivencia das empresas nacentes (start-up) ao contribuír con financiamento e experiencia directiva.
- Son unha ponte para salvar o baleiro investidor existente entre o financiamento que provén de xente próxima aos emprendedores (eles mesmos, familiares e amigos), e o procedente das entidades formais de capital risco.

Os **proxectos** que UNIBAN selecciona teñen todos eles un carácter innovador, trátase en moitos casos de proxectos de base tecnolóxica que xurdiron da aplicación práctica dun resultado de investigación levado a cabo pola Universidade.

O **funcionamento** da rede UNIBAN permite unha maior eficiencia dos recursos empregados ao aproveitar a experiencia dunha Universidade pioneira na promoción de empresas innovadoras, a eficacia para captar proxectos innovadores e a complementariedade con outros membros do Programa UNIEMPRENDE da USC

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Para promover a creación e o desenvolvemento de empresas innovadoras no ámbito universitario, a estratexia de UNIBAN consistiu en desenvolver un sistema de información que permitira poñer en contacto a emprendedores con investidores privados aproveitando á súa vez as sinerxias do programa de promoción de empresas UNIEMPRENDE. A rede UNIBAN puxo en contacto a emprendedores con bos proxectos pero escasos recursos financeiros para desenvolver o seu plan con investidores dispostos a investir nesas iniciativas.

A operativa de traballo de UNIBAN ten por obxectivo conseguir que os proxectos incluídos na nosa base de datos consigan encontrar un investidor, garantindo durante todo o proceso a confidencialidade e profesionalidade coa que será tratada a información.

UNIBAN ten articulado un código de conducta para garantir que todas as partes implicadas no proceso actúen coa confidencialidade debida.

As fases deste proceso resúmense en:

- Captación de proxectos
- Filtrado de proxectos
- Entrada na base de datos de proxectos
- Contraste coa base de datos de Business Angels
- Difusión selectiva do proxecto
- Achegamento entre emprendedores e investidores
- Acordo de investimento

RESUMO DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NUNHA PRIMEIRA FASE EN UNIBAN:

Dirixíndonos ao noso público obxectivo, tanto emprendedores como a investidores.

Algunhas das tarefas foron:

- Identificación e selección de Business Angels
- Identificación e selección de proxectos innovadores
- Difusión do concepto de Business Angel

- Asistencia a Emprendedores e Business Angels
- Actividades formativas para Business Angels
- Emparellar Business Angels e Emprendedores

RESUMO DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS EN FASES POSTERIORES EN UNIBAN:

En Uniban fíxose especial fincapé na difusión da Rede de Business Angels, apoiando máis de preto aos nosos beneficiarios e na procura de novos participantes que teñan un papel máis activo no conxunto da rede, para elo contouse con:

- Un espacio activo na web de UNIBAN onde se poideron resolver as dúbidas dos emprendedores vinculadas á posta en marcha do seu negocio, con especial atención ao análise económico e financeiro do proxecto.
- Dinamización do Foro Web e creación dun espazo para facilitar a información sobre axudas públicas destinadas a formación e o autoemprego
- Difusión máis directa en foros financeiros e no entorno universitario para acceder de modo máis personalizado aos nosos clientes potenciais.
- Desenvolvemento de novas ferramentas para apoiar o emprendemento nas áreas sociais e de humanidades
- Búsqueda de novas fontes de financiamento de proxectos, reforzando de maneira especial os proxectos promovidos por mulleres.
- Colaboración activa con outras entidades impulsoras de proxectos empresariais para obter sinerxias que reforcen a cultura emprendedora.
- Incremento da capacidade e o ámbito de actuación a través dun traballo proactivo na busca de inversores e no fomento de emprendedores

Co desenvolvemento das actividades descritas nesta memoria, UNIBAN propiciou a creación de riqueza e emprego a través de Empresas innovadoras e de Base Tecnolóxica ao conseguir un aumento das probabilidades de supervivencia das empresas gracias á experiencia en xestión e contactos dos Business Angels.